



## Propósito da investigación e marco teórico

Nesta comunicación abórdase a percepción dalgúns/as expertos/as en educación sobre a caracterización do pensamento crítico (PC) e as súas destrezas. O estudo enmárcase no proxecto CRITHINKEDU cuxo obxectivo é identificar e desenvolver un repertorio de estratexias para integrar o PC nos currícula europeos de educación superior.

Existen diversas corrientes e definicións de PC, o noso traballo enmárcase na definición consensuada no panel Delphi da Asociación Americana de Filosofía: “*xuízo útil, autorregulado, que dá como resultado a interpretación, análise, avaliación e inferencia, así como a explicación de probases e de criterios conceptuais, metodolóxicos ou contextuais nos que se basea dito xuízo*” ([1], p. 2).

## Deseño de investigación e metodoloxía

### Enfoque metodolóxico

Emprégase unha metodoloxía cualitativa baseada nos grupos de discusión, técnica definida por Krueger como “*unha conversa cuidadosamente planeada, deseñada para obter información dunha área definida de interese, nun ambiente permisivo, non-directivo*” ([2], p. 24).

### Participantes e contexto

Os/as participantes son seis profesionais do ámbito da educación, que imparten docencia en diferentes ámbitos: primaria, secundaria e universidade. Tres destes/as pertencen ao sector público (P2, P3, P4), dous ao privado (P5, P6) e o restante a unha ONG (P6).

### Recompilación de datos

Antes de comezar a sesión, realizouse unha breve introdución sobre o propósito do proxecto CRITHINKEDU sen facer mención algunha a definicións ou cuestións que puidesen influír nas súas respostas. A sesión tivo unha duración de 1 h 45 minutos. A dinámica proposta por Krueger [2], inclúe unha moderadora e dúas persoas encargadas da recollida de datos en audio e vídeo, así como unha observadora externa.

### Análise de datos

Para a análise adaptamos a rúbrica de Facione ([1]) sobre destrezas e disposicións de PC, resumida na táboa 1.

## Preguntas de investigación

- 1) Que destrezas e disposicións de pensamento crítico consideran prioritarias os expertos en educación?
- 2) En que medida mencionan a argumentación como parte das destrezas de PC?

Destrezas de PC	Disposicións de PC
Interpretación	[Persoa que] Busca a verdade
Análise	Apertura de mente/De mente aberta
Inferencia	Analítico/a
Avaliación	Sistemático/a
Explicación	Autoconfianza
Autorregulación	Inquisitivo/a
	Madurez Cognitiva

Táboa 1. Destrezas e disposicións de PC (adaptada de [1])

## Resultados

Destrezas de PC	Frecuencias	Disposicións de PC	Frecuencias
Interpretación	11	[Persoa que] Busca a verdade	7
Análise	14	Apertura de mente/De mente aberta	25
Inferencia	9	Analítico/a	16
Avaliación	8	Sistemático/a	5
Explicación	10	Autoconfianza	2
Autorregulación	6	Inquisitivo/a	11
		Madurez Cognitiva	0

Táboa 2. Frecuencias das destrezas e disposicións de PC mencionadas polos/as participantes.

**Explicación:** “Coñecer os códigos da ciencia para tamén comunicar” (P1)

**Analítico/a:**  
“A busca da aplicación social do traballo que se realiza na Universidade” (P4)

**Autorregulación:**  
“Ser unha persoa reflexiva” (P2)

**Autoconfianza:**  
“Capacidade para elaborar pensamentos, ideas e argumentos propios” (P3)

## Conclusiones

- A análise do grupo de discusión revela certa confusión entre os/as participantes acerca das destrezas e disposicións de PC.
- Estos/as identifican disposicións con “capacidades” de PC.
- Consideran unha disposición central, ter apertura de mente, sinalada pola literatura sobre PC.
- Destácase a importancia outorgada á argumentación; destreza máis mencionada polos/as participantes.
- As actitudes necesarias para o traballo cooperativo tamén se mencionan entre as disposicións relacionadas co PC.
- Existe unha preocupación compartida entre os/as participantes por mellorar a ensinanza de PC nesta etapa, querendo formar a cidadáns/ás que participen activamente nunha sociedade democrática [3].

## Referencias bibliográficas

- [1] P. A. Facione. Critical Thinking: A Statement of Expert Consensus for Purposes of Educational Assessment and Instruction. Research Findings and Recommendations. California, 1990  
[2] R. A. Krueger. El grupo de discusión. Guía práctica para la investigación aplicada. Madrid, 1991  
[3] M. P. Jiménez-Aleixandre & B. Puig. Argumentation, Evidence Evaluation and Critical Thinking. In B. J. Fraser; K. G. Tobin & C. J. McRobbie (Eds.), Second International Handbook of Science Education (vol. II, pp. 1001-1015). London, 2012